

A FAMILIA LÓPEZ



A familia López saíu o sábado a darse un paseo en barca polo lago. Facía un bo día asollado de primavera. Os nenos estaban encantados e máis cando viron aparecer na auga un peixe , o era un cangrexo, dáballes igual, estaban xuntos, e iso era o máis importante, porque levaban moito tempo preparando esta viaxe.

Contesta:

1.-Como se chama a familia?

.....

2.- Por onde paseaban?

.....

3.- En que se paseaban?

.....

4.- Que día da semana saíron?

.....

5.- Que viron aparecer na auga?

.....

6.- Escribe unha frase coa palabra “ primavera”.

.....

A FÉLIX ENCÁNTALLE BAILAR



O meu irmán Félix pon a música tan alta, na súa habitación, que a miña nai sempre lle regaña. Por iso acaba apagándoa e poñéndose os auriculares para escoitala sen molestar aos demais. Despoisponse a bailar porque lle encanta.

Contesta:

1.- Por que regañan a Félix

.....

2.- Quen lle regaña?

.....

3.- Que fai cando lle regañan?

.....

4.- Por que non molesta aos demais cos auriculares?

.....

5.- Que fai cando lles pon?

.....

6.- A quen lle gusta bailar?

.....

7.- Gústalle escoitar música?

.....



INTERNET É ADITIVO

A María encántalle pasar as horas diante do ordenador. Ve películas, debuxos, navega por Internet e fala cos seus amigos. Os seus pais din que debe pasar menos tempo no ordenador e saír máis á rúa, pero ela nunca fai caso e segue na súa habitación. Un día a conexión a Internet avaríouse e María aburriuse moito. Estaba tan desesperada sen saber que empezou a brincar pola súa casa mentres gritaba: “Necesito Internet”.

Responde:

1.- Que lle gusta a María?

.....
.....

2.- Onde está o ordenador?

.....
.....

3.- Que din os seus pais?

.....
.....

4.- Que fixo cando se quedou sen Internet?

.....
.....

5.- Que cousas divertidas poderíanse facer sen Internet?

.....
.....

6.- Escribe unha oración coa palabra “ habitación”.

.....
.....

LAURA QUERE PATINAR



Laura está moi enfadada porque dende que o seu irmán maior, Andrés, ten uns patíns novos non llos deixou nin unha vez. Ela pídellos tódolos días, e el sempre lle di que non, que é moi pequena para patinar. Por iso un día que Andrés estaba no colexio. Laura entrou no seu cuarto e colleu os patíns do armario. Baixou á rúa e colocounos, pero cando intentou patinar perdeu o control e caeuse de cu. Cando o seu irmán, decatouse do ocorrido deulle un ataque de risa.

Responde:

1.- Por que estaba enfadada Laura?

.....
.....

2.- Por que Andrés non lle deixou os seus patíns?

.....
.....

3.- Onde foi a patinar?

.....
.....

4.- Que pasou cando intentou patinar?

.....
.....


5.-Que pasou cando se decatou o seu irmán?

.....
.....

6.- Onde gardaba Andrés os patíns?

.....
.....

ADRIÁN NA GRANXA



Esta ponte Adrián foi á granxa dos seus avós en Coristanco. Alí coidou de todos os animais: recollía os ovos, axudaba a botar penso aos porcos e vía como o seu avó muxía as vacas. Polas mañás viña o camión cisterna a recoller o leite para levalo á fabrica. A experiencia foi xenial.

Contesta:

1.- Onde estaba a granxa?

.....
.....

2.- Que animais viven nunha granxa?

.....
.....

3.- Que animal dá os ovos?

.....
.....

4.- Que alimentos pódense fabricar co leite?

.....
.....

5.- De onde sácase o xamón?

.....
.....

6.- Cando foi Adrián á granxa dos seus avós?

.....
.....

7.- Como llo pasou?

.....
.....

8.- Escribe o nome dalgunha granxa que ti coñezas.

.....
.....

EDUARDO CHORA



Esta tarde cando Eduardo xogaba ao fútbol no xardín da súa casa tropezou cunha pedra e caeuse. Choraba moito porque se fixo unha ferida no xeonllo que lle doía moito. Non lle quixo dicir nada a ninguén. Entrou na casa, foi ao baño e alí curouse a ferida. Foi un valente.

Responde:

1.- Cal é o título da lectura?

.....
.....

2.- A que xogaba Eduardo?

.....
.....

3.- Onde xogaba?

.....
.....

4.- Que lle pasou?

.....
.....

5.- Por que se caeu?

.....
.....

6.- Onde se fixo unha ferida?

.....
.....

7.- Por que choraba?

.....
.....

8.- Eduardo é un neno valiente?

.....
.....

XIÁN É DIABÉTICO



Xián é diabético, por iso, como lle gustan os xeados, a súa nai comproullos sen azucre. A nai de Xián, coñece varias tendas para diabéticos, onde merca a comida. Xián, sabe que ademais de coidar a alimentación debe realizar actividade física, e que é moi bo practicar algún deporte.

Contesta:

1.- Que lle pasa a Xián?

.....
.....

2.- Que é o que lle gusta tomar?

.....
.....

3.- Quen lle compra os xeados?

.....
.....

4.- Sabes que quere dicir diabético?

.....
.....

5.- Que tendas coñece a nai de Eduardo?

.....
.....

6.- Que debe coidar Eduardo?

.....
.....

7.- Que deportes practicas ti?

.....
.....

BAILAR OU CANTAR?



A nai está falando cunha amiga e lle di: “ Pois ao meu fillo gústalle moito bailar e cantar. De maior quere ser unha de esas dúas cousas, pero non sabe que elixir”. Ao que a súa amiga lle contesta: “ Pois creo que debería elixir o baile. Porque non o vin bailar, pero si o escoitei?”

Contesta:

1.- Con quen estaba falando a nai?

.....
.....

2.- Que quería ser de maior?

.....
.....

3.- A que debe dedicarse o neno?

.....
.....

4.- Como cres ti que debe cantar ese neno?

.....
.....

5.- Que te gustaría a ti ser de maior?

.....
.....

6.- Escribe unha oración coa palabra “ bailar”.

.....
.....

7.-Escribe unha oración coa palabra “ cantar”.

.....
.....

ERA UN



Era unha rúa tan ancha, tan ancha, tan ancha que en lugar de pasos de peóns tiña pasos de elefante.

Era un chiste tan malo, tan malo, tan malo que tiveron que castigalo.

Era un bebé tan listo, tan listo, tan listo que aprendeu a ler aos nove meses sen que ninguén lle ensinara.

Contesta:

1.- Que lle pasaba a rúa?

.....
.....

2.- De que eran os pasos desa rúa?

.....
.....

3.- Como era o chiste?

.....
.....

4.- Por que castigaron ao chiste?

.....
.....


5.- Cando comezou a ler o bebé?

.....
.....

6.- Gústache a ti ler?

.....
.....

QUE LLE DI



Que lle di unha árbore a outra? Tes a cabeza chea de paxaros.

Que lle dixo o dous ao cero? Anda, vinte comigo.

Que lle di unha flor a outra flor? Para min que nos deixaron plantadas.

Que lle di un semáforo a outro? Non me mires que estou cambiando.

Contesta:

1.- Como teñen as árbores a cabeza?

.....
.....

2.- Que números son os que se van xuntos?

.....
.....

3.- Quen quedou plantada?

.....
.....

4.- Por que non pode mirar un semáforo a outro?

.....
.....

5.- Escribe unha frase coa palabra “ semáforo”.

.....
.....

6.- Escribe unha frase coas palabras “ árbore” e “ flor”.

.....
.....
.....
.....